# ASESORÍA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

## TEMÁTICA: IGUALDADE / COEDUCACIÓN

| TÍTULO | AUTORÍA | EDITORIAL | PORTADA | RESEÑA | LECTORES |
|---|---|---|---|---|---|
| *A urna dos desexos* | Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina | Embora<br><br>ISBN: 978-84-92644-17-9 |  | Clara aprende o que son unhas eleccións e cómo as persoas poden decidir quén vai gobernar metendo un papeliño nunha urna. Un xeito sinxelo de ensinar a nenos e nenas en qué consiste a democracia representativa e a paridade.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Canto te quero, profe!* | Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina | Embora<br><br>ISBN: 978-84-95644-50-6 |  | Para Nicolás este é o seu primeiro día no colexio de maiores. Neste libro, Nicolás repasa todas as cousas divertidas que fai no cole e cóntanos o moito que quere ao seu profe que, contra o máis común en Educación Infantil, é un varón.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Iriña bailarina* | Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina | Embora<br><br>ISBN: 978-84-95460-78-3 |  | Iriña era, como o seu nome indica, unha bailarina; pero non unha bailarina común: vivía na mais fermosa caixa de música. Pero estaba preocupada: non podía saír da súa caixa...<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *O país dos mandóns* | Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina | Embora<br><br>ISBN: 978-84-92644-16-2 |  | No país dos mandóns uns cantos mandan sobre o resto e non permiten que as nenas, as mamás ou as avoas xoguen, saian ou traballen fóra da casa. O cambio desas normas tan inxustas para crear un novo país da igualdade conmemórase o día internacional das mulleres.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *O segredo de Flora* | Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina | Embora<br><br>ISBN: 978-84-92644-15-5 |  | Flora ten un segredo fantástico, e é que aprendeu unhas palabras máxicas que a axudan a non sentir enfados nin ganas de pegar. O segredo de Flora consiste en atopar un modo de combater a violencia, explicando así a nenos e nenas que é intolerable en todas as súas manifestacións.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Teño dúas casas* | Rodríguez, Paloma e Justo, Cristina | Embora<br><br>ISBN: 978-84-95644-51-3 |  | Mamá e papá xa non viven xuntos, así que agora teño dúas casas. As miñas casas son moi chulas, e pintamos todas as paredes de cores. Nos gusta escoitar música e debuxar tirados no chan, e xogar cos nosos xoguetes...<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Artur e Clementina* | Adela Turin (texto)<br>Nella Bosnia (ilustración)<br>Eva Almazán (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-785-0 |  | Da sonada colección "A favor de las niñas", unha historia fabulada que reivindica o rol feminino na sociedade, combate os estereotipos sexistas e denuncia a discriminación. Porque aínda se necesitan obras sobre coeducación e igualdade.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Rosa caramelo* | Adela Turin (texto)<br>Nella Bosnia (ilustración)<br>Xosé Ballesteros (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-798-0 \| |  | Aillada nun xardín, Margarida é a única elefanta do grupo incapaz de conseguir que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus proxenitores desisten de impoñerlle ese aspecto, por fin poderá descubrir o significado da liberdade e abrirlle o camiño da igualdade ás súas compañeiras.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *A viaxe de mamá* | Mariana Ruiz Johnson (ilustración)<br>Manuela Rodríguez (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-992-2 |  | Cando mamá se ausenta por traballo, a casa non arrecende a flores e é papá quen coida en solitario do pequeno elefante. A maleta, o aeroporto, a despedida..., todo un proceso ata que mamá á fin regresa.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Con Tango son tres* | Justin Richardson (texto)<br>Peter Parnell (texto)<br>Henry Cole (ilustración)<br>Sandra Senra Gómez e Óscar Senra Gómez (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-984-7 |  | Ocurreu no zoo de Central Park, en Nova York. Tango foi a primeira pingüín que tivo dous pais. Unha familia diferente que nada, salta, xoga no estanque e que é feliz.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Unha feliz catástrofe* | Adela Turin (texto)<br>Nella Bosnia (ilustración)<br>Eva Almazán (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-888-8 |  | A catástrofe pono todo patas arriba: déixaos sen fogar e altera por completo as súas vidas. Pero é a señora Rato a que atopa a solución. Dunha vida monótona, ás aventuras e os novos roles na familia.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Historia dos bonobos* | Adela Turin (texto)<br>Nella Bosnia (ilustración)<br>Eva Almazán (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-832-1 |  | Eles comían, viaxaban e modernizábanse mentres elas recolectaban comida e criaban a prole. Pero os bonobos non aceptaban que as bonobas tamén puideran aprender e evolucionar.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *O libro dos porcos* | Anthony Browne (ilustración)<br>Xosé Manuel González Barreiro (tradución) | Kalandraka<br><br>ISBN: 978-84-8464-571-9 |  | «Bule co almorzo, muller», «Bule co almorzo, mamá», dicíanlle o seu home e os seus fillos. Ata que a señora Porcón se fartou e marchou.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *O meniño Nito* | Macus Romero | BAÍA<br><br>ISBN: 978-84-92630-03-5 |  | O meniño Nito. Entón, os homes choran ou non?<br>Os homes choran ou non choran? Ese é o dilema no que se encontra Nito, e que lle trae non poucos problemas até que por fin, coa axuda do Doutor Aymoré, consegue resolver as súas dúbidas.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |
| *Meu pai é ama de casa* | Silvia Ugidos | Galaxia<br>ISBN: 978-8482883748 |  | Haiche persoas moi distintas e peculiares, e incluso pais que se encargan das tarefas da casa. A diversidade é estupenda e cremos que este libro tamén. ¡E logo!<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | PRIMEIROS LECTORES (0-8 ANOS) |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *O diario violeta de Carlota* | Gemma Lienas | Galaxia<br>ISBN: 978-84-9865-335-9 |  | Moito máis ca novela, moito máis ca un diario Un día, Carlota recibe da súa avoa a encomenda de observar o mundo cunhas lentes de cor violeta, é dicir, dende unha óptica feminista e igualitaria. Axiña vai entender, e nós con ela, que hai moitísima situacións do noso día a día que tomamos como normais cando, en realidade, son todo un exercicio de discriminación e inxustiza.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | XUVENIL |
| *Normal, diferente* | Kristina Dunker | Galaxia<br>ISBN:9788482883007 |  | En Normal, diferente o barullo de emocións e prexuízos, o rexeitamento e o escándalo, a comprensión e a sensibilidade forman parte da actitude espontánea dunha persoa heterosexual namorada doutra homosexual. Os conceptos de "normal" e "diferente" revelan o seu carácter relativo e perden importancia fronte á amizade e a aceptación do outro tal como é.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | XUVENIL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| *Do outro lado do espello* | Jordi Sierra i Fabra (Autor/a)<br>Ignacio Chao (Tradutor/a) | Xerais<br>ISBN.: 978-84-9782-520-7 |   | Con naturalidade e sen tabús, a experiencia de Marisa ilustra sobre como aceptar e asumir a propia sexualidade para levar unha existencia feliz.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | XUVENIL |
| *Mansculino singular* | Carlos Negro | Xerais<br>ISBN: 978-84-9914-982-0 |   | Masculino singular é un código aberto aínda inconcluso, que se constrúe máis alá do propio texto, naqueles espazos sociais onde algúns homes aprenden unha lingua sen sufixos de exterminio. Porque nada semella máis urxente que procurar unha saída de emerxencia dese templo onde a virilidade segue a ser o valor máis sagrado da tribo.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | XUVENIL |
| *Penúltimas tendencias* | Carlos Negro | Xerais<br>ISBN: 978-84-9914-607-2 |   | Este é un libro de versos que rompen as costuras do silencio; un álbum secreto para todas aquelas mozas que procuran una fenda nos valos, máis alá da gaiola rosa dos contos de princesas; un diario onde unha adolescente convulsa e opaca atopa a voz que nunca tivo. Porque medrar é aprender a fuxir da ditadura dos espellos. Non agardes máis: entra nun universo onde non todo vai ser fashion & cool & chic & sexy. | XUVENIL |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | (PRESENTACIÓN EDITORIAL) | |
| *Persépole* | Marjane Satrapi | Rinoceronte<br>ISBN: 978-84-92866-26-7 |  | Persépole ofrécenos un relato autobiográfico sobre a súa infancia en Irán, que é a súa vez un excelente testemuño histórico dun pobo e unha época. Grazas á súa gran carga emotiva, crítica e irónica, Persépole converteuse nun cómic de referencia.<br><br>(PRESENTACIÓN EDITORIAL) | XUVENIL |